Con posterioridade, o goberno central aprobou o Real Decreto-lei 3/2022 (BOE do 2 de marzo de 2022), no que se prevén medidas para permitir a revisión excepcional dos contratos públicos de obras afectados pola suba de prezos dos materiais, norma que foi actualizada e ampliada polo Real Decreto 6/2022 (BOE do 30 de marzo de 2022).

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 10:52:04
Nº Rexistro: 33764
Data envio: 18/04/2022 10:52:04.346

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na exposición de motivos deste Real Decreto establécese que "a súa aplicación poderá alcanzar o ámbito das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais existentes no seu territorio mediante unha decisión individualizada do órgano competente de cada Comunidade Autónoma".

En virtude do anterior, ao longo dos meses de marzo e abril cando menos dez Comunidades Autónomas adheríronse a este mecanismo extraordinario de revisión de prezos dos contratos de obras. É o caso de Castilla La Mancha, Extremadura, Cataluña, Euskadi, Comunidade Valenciana, Andalucía ou Aragón, entre outras.

Esta decisión foi adoptada tamén por comunidades que aprobaron, vía lei de orzamentos, instrumentos semellantes aos establecidos na lei de medidas fiscais e administrativas dos orzamentos da Xunta para o ano 2022. É por iso que o goberno galego debe actuar con axilidade e eficacia para que as administracións públicas e as empresas se poidan acoller aos procedementos de revisión de prezos dos contratos.

Mais cómpre sinalar a importancia de que esta adhesión inclúa as entidades locais, que están a sufrir dunha maneira directa e intensa as consecuencias da suba dos prezos tanto nas obras xa adxudicadas como nas que están en proceso de licitación e adxudicación.

Unha posíbel vía para resolver esta demanda sería a establecida por varias das normas autonómicas aprobadas, que prevén que que estas medidas "aplicaranse ás universidades públicas e ás entidades locais, cando o acorden os seus órganos competentes".

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 10:52:04
Nº Rexistro: 33764
Data envio: 18/04/2022 10:52:04.346

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que previsións ten o goberno galego en relación coa adhesión ao Real Decreto-lei 3/2022 (BOE do 2 de marzo de 2022), en relación coas medidas para permitir a revisión excepcional dos contratos públicos de obras afectados pola suba de prezos dos materiais, coas modificacións introducidas polo RD 6/2022 de 29 de marzo?

-Ten previsto o goberno galego incluir as entidades locais na aplicación do procedemento excepcional de revisión de prezos?

-Prevé a Xunta adoptar outras medidas en relación coa contratación de obra pública e co sector da construción?

-Cal é o balance da aplicación das medidas previstas na Disposición Adicional segunda da lei 18/2021 de medidas fiscais e administrativas?

-Cantas empresas con contratos co sector público autonómico se acolleron ás medidas previstas nesa norma?

-Cal foi a incidencia do incremento dos prezos (número de empresas e postos de traballo, paralización e retrasos nas obras, renuncia das empresas, resolución dos contratos, reclamacións pola vía contencioso-administrativa, procedementos de adxudicación declarados desertos…) na contratación pública durante o ano 2021 e os primeiros meses do anos 2022, no ámbito das administracións públicas de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2022

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 10:52:04
Nº Rexistro: 33764
Data envio: 18/04/2022 10:52:04.346

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 18/04/2022 10:47:21

Alexandra Fernández Gómez na data 18/04/2022 10:47:25

Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2022 10:47:32

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 12:09:23
Nº Rexistro: 33769
Data envio: 18/04/2022 12:09:23.882

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a proposta da Xunta de Galiza para o a mellora da planta xudicial galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de marzo de 2002 a Comisión Mixta de Xustiza de Galiza acordou solicitar ao Ministerio de Xustiza a creación de sete novas unidades xudiciais e dous novas prazas de maxistrados e outra de xuíz/a de adscrición territorial, neste caso para a provincia de Ourense.

En concreto as unidades xudiciais incluída na proposta que a Comisión Mixta remitirá ao Ministerio de Justicia, a fin de que este se o considera poda propor a creación de novas unidades xudiciais para Galiza, son:

- *Xulgado de Primeira Instancia en Lugo.*

-*Una praza de maxistrado/a na Sección Segunda da Audiencia Provincial de A Coruña.*

-*Una praza de maxistrado/a na Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra.*

-*Xulgado de Primeira Instancia en A Coruña.*

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 12:09:23
Nº Rexistro: 33769
Data envio: 18/04/2022 12:09:23.882

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Xulgado de Primeira Instancia en Vigo.

-Xuíz/a de Adscrición Territorial en la provincia de Ourense.

-Xulgado de lo Social en Ferrol.

-Xulgado Mixto en Ribeira.

Xulgado Mixto en Vilagarcía.

-Xulgado Mixto en Viveiro.

A proposta realizada pola Comisión Mixta de Xustiza, que contempla a creación de necesarias unidades xudiciais, omite, novamente, a dotación de xulgados reclamados dende hai moitos anos, mesmo lustros, polos distintos operadores xurídicos actuantes en diferentes partidos xudiciais de Galiza. A situación de conxestión e a demora na resolución dos procedementos, que impide o exercicio pola cidadanía do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva, ven derivada da pouca consideración da Xunta de Galiza coa Administración de Xustiza e a falla de compromiso efectivo na adaptación da planta xudicial á realidade galega.

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal foi a proposta de creación de novas unidades xudiciais que a Xunta de Galiza presentou na Comisión Mixta de Xustiza?

. Con quen contrastou e/ou consensuou e en que informes e estatísticas se fundamentaba a proposta presentada pola Xunta de Galiza ante a Comisión Mixta?

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 12:09:23
Nº Rexistro: 33769
Data envio: 18/04/2022 12:09:23.882

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Entende a Xunta de Galiza que a mera audiencia que a Lei de Planta e Demarcación Xudicial outorga a Galiza no procedemento de modificación da planta xudicial galega abonda para garantir o acceso á Xustiza e a tutela xudicial efectiva da cidadanía de Galiza?

. Que xestións realizou o goberno galego para lograr un incremento da planta xudicial acorde coas necesidades da administración de xustiza en Galiza?

. Cal é a razón pola que entende prioritaria a dotación dunha praza de xuíz/a de adscrición territorial na provincia de Ourense sobre a creación dun novo xulgado, p.ex. en Viveiro, Vilagarcía, Ribeira ou Ferrol, ou mesmo sobre outros partidos xudiciais para os que nin sequera se propón a creación da planta existente?

. Tendo en conta as unidades xudiciais creadas nos últimos exercicios, que previsión manexa o Goberno Galego para o incremento da planta xudicial?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 12:09:23
Nº Rexistro: 33769
Data envio: 18/04/2022 12:09:23.882

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 18/04/2022 12:04:35

Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2022 12:04:39

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/04/2022 12:04:58

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 12:10:53
Nº Rexistro: 33775
Data envio: 18/04/2022 12:10:53.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, **Montserrat Prado Cores** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o sinistro ocorrido na praia de Silgar o pasado venres e as medidas de prevención e protección ás usuarias de praias e espazos naturais en zonas de especial afluencia turística.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 15 de abril un bañista foi atropelado na praia do Silgar en Sanxenxo por unha lancha rápida que presuntamente circulaba a grande velocidade producíndolle lesións que finalmente tiveron consecuencias fatais provocándolle a morte.

O desgrazado accidente puxo en evidente a total ausencia de medidas de protección e prevención destinadas a garantir a seguridade das persoas usuarias das praias e areais de Galiza, mesmo en épocas como as feiras de Semana Santa nas que é presumible un notable incremento da afluencia, nomeadamente en zonas especialmente turísticas como é o caso de Sanxenxo no que se produciu o tráxico suceso.

Segundo recollen diferentes medios de comunicación, así como testemuñas presenciais, no momento en que se produciu o accidente na praia de

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 12:10:53
Nº Rexistro: 33775
Data envio: 18/04/2022 12:10:53.661

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Silgar, un dos areais máis concorridos de todo o país en épocas de vacacións, non existía balizamento que delimitase a zona de baño da de circulación de embarcacións, tampouco existía un espazo que canalizase a entrada e saída de embarcacións. Tamén denunciouse a inexistencia de servizos de salvamento e socorrismo, como tampouco consta a existencia de medios de control sobre as velocidades ás que circulaban as embarcacións, especificamente en zonas próximas aos lugares de baño.

Xa que logo, nunha época de previsible afluencia turística, nun concello que destaca especialmente por ser un dos principais destinos e que conta cunhas condicións naturais extraordinarias, resulta que non se adoptan as medidas máis elementais de prevención e coidado para que a poboación poda desfrutar do seu lecer en condicións de seguridade.

E por iso que ao fin de poder clarexar e determinar as concretas circunstancias nas que se produciu o tráxico suceso, así como para a adopción das medidas necesarias para evitar que se podan reproducir feitos similares, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Por que razón a praia de Silgar, en Sanxenxo, non dispuña de balizamento que delimitase a zona de baño do espazo no que se permitía a circulación de embarcacións?

Considera a Xunta de Galiza que era previsible un notable incremento da afluencia de bañista no referido areal durante a época de Semana Santa?

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 12:10:53
Nº Rexistro: 33775
Data envio: 18/04/2022 12:10:53.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cóstalle á Xunta de Galiza se nos días de vacacións de Semana Santa existía servizo de socorrismo e salvamento na praia de Silgar?

Entende a Xunta de Galiza que sendo o concello de Sanxenxo un dos principais destinos turísticos de Galiza debería contar, como mínimo, nas épocas de maior concentración turística de servizos de socorrismo e salvamento?

Que instrumentos e/ou medios utiliza a Xunta de Galiza para velar polo cumprimento da escasa normativa existente sobre velocidades das embarcacións cando circulan próximas aos espazos destinados ao baño, existencia de servizos de salvamento e socorrismo en espazos naturais e condicións nas que, no seu caso, se presta o servizo?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Montserrat Prado Cores

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 12:10:53
Nº Rexistro: 33775
Data envio: 18/04/2022 12:10:53.661

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/04/2022 12:06:23

María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2022 12:06:35

Daniel Pérez López na data 18/04/2022 12:06:43

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 12:50:16
Nº Rexistro: 33779
Data envio: 18/04/2022 12:50:16.510

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao incremento dos prezos no mes de marzo de 2022 por riba da media estatal e ao impacto na economía e nos fogares galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Analizando os datos publicados no mes de marzo de 2022 polo Instituto Galego de Estatística vemos como tivo lugar, unha vez máis, unha importante suba da inflación por riba dos indicadores estatais. Desta forma, o índice xeral de Galiza correspondente ao mes de marzo de 2022 rexistrou unha suba do 3,3% con respecto ao mes anterior. Esta taxa é superior á rexistrada no conxunto do Estado outro mes máis (3,0%).

Con respecto a marzo de 2021 os prezos rexistraron un aumento do 10,5%, sete décimas máis que no conxunto do Estado (9,8%). Así mesmo, a variación interanual da inflación subxacente foi dun 3,9%, cinco décimas superior á rexistrada en febreiro (3,4%) e tamén cinco décimas superior á rexistrada a nivel estatal (3,4%).

En termos de taxa interanual, son os grupos de "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" (38,9%), "Transporte" (19,1%) e "Alimentos e bebidas non alcohólicas" (6,7%) son os que repercuten máis positivamente na taxa.

Respecto do resultado ao longo do territorio, a taxa de variación dos prezos moveuse entre o 3,1% de A Coruña e o 3,4% das restantes provincias. En termos de

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 12:50:16
Nº Rexistro: 33779
Data envio: 18/04/2022 12:50:16.510

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

variación interanual, as taxas movéronse entre o 10,0% de A Coruña e o 10,9% de Ourense e Pontevedra.

Esta situación está, ademais, empeorada pola falta de adecuación das previsións macroeconómicas dos vixentes orzamentos da Xunta, totalmente superadas e que infravaloraron tanto a posibilidade de continuidade do aumento inflacionario como o impacto da crise dos prezos enerxéticos e da crise dos colos de botella industriais e dos prezos de materiais primas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora o goberno galego o impacto do incremento dos prezos no mes de marzo, novamente superior ao do conxunto do Estado?

. Cales son as razóns que explican o diferencial galego?

. Que vai facer o goberno galego para evitar o empobrecemento superior dos galegos e galegas?

. E que medidas para impulsar a transformación estrutural do modelo económico galego?

. Como valora o goberno galego a consolidación da suba da inflación, por riba das previsións elaboradas polos institutos estatísticos?

. Afecta isto ás previsións macroeconómicas que prevía nos orzamentos vixentes?

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 12:50:16
Nº Rexistro: 33779
Data envio: 18/04/2022 12:50:16.510

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai levar a cabo algunha modificación orzamentaria consensuada cos grupos galegos?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 18/04/2022 12:46:28

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/04/2022 12:46:32

Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2022 12:46:41

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 13:05:28
Nº Rexistro: 33786
Data envio: 18/04/2022 13:05:28.133

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A pandemia provocada pola Covid xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á Covid, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do Sergas.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á Covid, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento e, de facelo, é asumible que deba ser reforzada e con maior aposta dende a administración para o seu labor.

Non está a suceder isto en Baralla, onde os 3 cupos de facultativos existentes teñen pasado a ser 2 de maneira real ao non substituír ou cubrir de maneira definitiva a baixa producida pola xubilación dun dos profesionais. Así, dous profesionais cobren agora a poboación, pero existen situacións baixo as que nin sequera as dúas prazas están cubertas porque non se substitúen as vacacións, libranzas ou baixas dalgún dos profesionais do centro de saúde do municipio e resólvese a situación cunha cobertura parcial, algúns días, durante dúas ou tres horas.

Este sistema collido con pinzas dificulta a mellor calidade posible da atención primaria, impedindo a continuidade na relación médico-paciente e a dispoñibilidade de atención e seguimento dos pacientes.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten o Goberno galego tomada a decisións de rebaixar os cupos atendidos no centro de saúde de Baralla de tres a dous?

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 13:05:28
Nº Rexistro: 33786
Data envio: 18/04/2022 13:05:28.133

2. Considera o Goberno galego que a cobertura que se dá ao centro de saúde de Baralla é suficiente e satisfactoria coa cobertura parcial, ou ás veces inexistentes, dun segundo profesional cando este atópase de baixa ou libranza?

Pazo do Parlamento, 18 de abril do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Marina Ortega Otero
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/04/2022 13:03:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/04/2022 13:03:16

Patricia Otero Rodríguez na data 18/04/2022 13:03:26

Marina Ortega Otero na data 18/04/2022 13:03:35

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 13:29:09
Nº Rexistro: 33799
Data envio: 18/04/2022 13:29:09.247

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao resultado do proceso da Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións pola cal a Xunta de Galiza inxecta recursos públicos a entidades bancarias para sufragar servizos que estas mesmas entidades pecharon.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste a unha nova fase de reestruturación bancaria na que as entidades financeiras están a aproveitar as circunstancias derivadas da crise da covid-19 como coartada para unha nova vaga de despedimentos, peches de oficinas, redución de caixeiros e empeoramento global das condicións dos servizos e, asemade, dos e das traballadores do sector.

É necesario recordar que en xullo de 2019 a Xunta de Galiza anunciaba, após un Consello da Xunta, que licitaría un servizo "que garantirá que toda a poboación galega dispoña de servizos financeiros no seu concello, de modo que dispoñan dun caixeiro automático no seu municipio e poidan acceder tamén a servizos de asistencia financeira e de formación en banca electrónica".

Con base a esta situación, que non era novidosa nin sobrevida, a Xunta de Galiza recollía unha inquedanza social respecto da perda de servizos financeiros que por aquel entón continuaba de forma ininterrompida desde o estalido da crise financeira.

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 13:29:09
Nº Rexistro: 33799
Data envio: 18/04/2022 13:29:09.247

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, xa avanzaba a peor das intencións: no lugar de exercer presión política sobre as entidades financeiras radicadas no país e sobre o goberno central para mudar a lexislación de servizos de pago, ou impulsar alternativas de control público do sector financeiro, a gran alternativa do goberno galego viña a ser que que o problema se parchease a costa do erario público copiando o modelo valenciano.

Esta cuestión, ficou interrompida no tempo polas dificultades do proceso de licitación, a axenda electoral e a irrupción da pandemia da covid-19. Asemade, neste tempo agraváronse problemas como a exclusión financeira, a dificultade do acceso a crédito por parte de particulares e empresas, os abusos bancarios e o proceso de precarización e perda de dereitos laborais e postos de traballo. Hoxe, coa coartada da covid-19 o sector bancario experimenta unha nova fase de concentración e oligopolización.

Resulta inaceptable que, malia esta situación, a Xunta de Galiza continúe instalada na súa folla de ruta de desviar cartos públicos para sufragar uns mínimos servizos bancarios que as entidades xa deberan estar obrigadas a fornecer para operar. Neste contexto, que no noso país se está a manifestar a través de numerosos peches de oficinas e despedimentos nos procesos de ERE e precarizacións do Santander, do BBVA, de Caixabank ou mesmo, de forma máis discreta, Abanca, a Xunta de Galiza decide pórse da lado da gran banca e apostar por un mecanismo de subvencións.

Así as cousas, entre febreiro e marzo de 2021 fíxose público o borrador de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma sen entidade financeira no seu territorio. É dicir, un

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 13:29:09
Nº Rexistro: 33799
Data envio: 18/04/2022 13:29:09.247

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subterfuxio para continuar financiando unha banca privada á que xa rescatou o erario público con máis de 65.000 millóns de euros.

Finalmente, o martes 2 de xuño de 2021 publicábase no Diario Oficial de Galiza a Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galiza (prioritariamente nos concellos sen entidade financeira no seu territorio). Como era previsible, foi Abanca quen obtivo estas subvencións.

É necesario sinalar o "efecto chamada" que causou esta orde, contribuíndo ao aumento de peche de oficinas e de caixeiros, singularmente da entidade Abanca que experimenta unha nova vaga de recortes malia estar recorrentemente premiada pola administración de Núñez Feijoo.

Así mesmo, no mes de marzo a consellaría de facenda volvía fachendear deste mecanismo como solución ante a exclusión financeira, parapetándose en que se acompaña dun servizo de asistencia financeira. Para alén de se tratar dun servizo moi limitado e que non substitúe en absoluto os servizos dunha oficina, vén de coñecerse publicamente que a metade dos 36 concellos que instalaron ou van instalar caixeiros desbotan este servizos polo sobrecuste e molestias que lle supón.

Esta é unha evidencia máis do fracaso desta fórmula e de que non vai servir realmente para solucionar a situación de 51.000 galegos e galegas que non tiña acceso e que a vía pasa por mudar a regulación estatal e porque a Xunta incremente a súa presión política e a medio prazo impulse unha banca pública e ética galega.

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 13:29:09
Nº Rexistro: 33799
Data envio: 18/04/2022 13:29:09.247

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Xunta do seu fracaso á hora de garantir que haxa unha mínima atención financeira ao longo do territorio?

. Vai seguir adiante a Xunta coa política de subvencións ou vai rectificar?

. Por que a Xunta impón aos concellos galegos competencias impropias sen asumir ela o total dos custos económicos?

. Vai impulsar medidas de transformación no sector bancario dirixíndose ao goberno central?

. E impulsando mecanismos propios ao abeiro do autogoberno?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 18/04/2022 13:25:23

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 13:29:09
Nº Rexistro: 33799
Data envio: 18/04/2022 13:29:09.247

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/04/2022 13:25:27

Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2022 13:25:40

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 10:17:02
Nº Rexistro: 33853
Data envio: 19/04/2022 10:17:02.570

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En xuño do ano 2021 facíase firme a sentenza que anulaba o nomeamento de 47 catedráticos e catedráticas de conservatorios superiores de Galicia que se presentaran ao proceso selectivo no ano 2018. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulara en outubro de 2019 un dos apartados da convocatoria xa que incluía unha excepción á obriga de posuír unha titulación de doutoramento ou mestrado para acreditar a formación como era a de, cando menos, ter impartido catro cursos de docencia nun centro superior de ensino artístico e ter sido titor ou titora dun Traballo Final de Estudos.

O TSXG entendeu que non se daba cumprimento á normativa legal -Lei Orgánica 2/2006 e Real Decreto 276/2007- e declarou nulas a totalidade das 47 cátedras.

A Consellaría de Cultura, Educación e Universidades ditaba en febreiro deste ano unha resolución na que anunciaba que executará a sentencia a partir do vindeiro curso 2022-2023, abrindo previamente un prazo de alegacións para que as persoas beneficiarias das cátedras poidan acreditar se no momento da convocatoria cumprían coas condicións legalmente esixidas. Mais o que se descoñece é como se vai resolver a cobertura de prazas de cátedra que eventualmente puideran quedar libres e como se vai organizar o cadro de persoal toda vez as persoas que recuperen a súa condición de servizo activo no corpo de profesores poderán volver a eses postos, hoxe cubertos.

A propia consellaría asume a complexidade de executar esa sentenza, pero o certo é que foi ela mesma quen chegou a esta situación e quen debera dar cumprimento canto antes a esa sentenza e informar co tempo debido do procedemento a seguir para evitar un maior prexuízo tanto ao alumnado como ao profesorado interino como ás persoas afectadas directamente por esa nulidade, que deberan canto antes ver resoltas as súas carreiras profesionais.

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 10:17:02
Nº Rexistro: 33853
Data envio: 19/04/2022 10:17:02.570

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Unha vez executada neste curso escolar a sentencia de nulidade de nomeamento de catedráticos/as de música e artes escénicas do concurso de 2018, como pensa cubrir a Xunta de Galicia as prazas de cátedra que eventualmente puideran quedar vacantes?

Pazo do Parlamento, 18 de abril do 2022

Asdo.: Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 19/04/2022 10:10:04

Noelia Otero Lago na data 19/04/2022 10:10:15

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 10:42:45
Nº Rexistro: 33858
Data envio: 19/04/2022 10:42:45.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e **Rosana Pérez Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a demanda da sede permanente do Instituto Español de Oceanografía en Vigo e a transferencia á Xunta de Galiza das competencias para a xestión dos centros do IEO en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ministra de Ciencia e Innovación vén de anunciar que o Instituto Español de Oceanografía (IEO) descentralizará a súas sedes definitivas de pesquerías e acuicultura, sedes que acolleran, respectivamente, Santander e Mazarrón. Esta decisión deixaría a Galiza sen a demandada sede do IEO en Vigo.

O de Vigo é o centro de maior tamaño de todos os do estado, nel traballan arredor dun cento de persoas que teñen desenvolvido un gran esforzo investigador no ámbito pesqueiro e acuícola, convertendo a este centro no que ten unha maior traxectoria neste campo.

O Centro Oceanográfico de Vigo, en sinerxía co de A Coruña e cos centros oceanográficos de Portugal, traballan man a man co sector pesqueiro e acuícola galego garantindo unha pesca sostible e situando ao sector do mar como un sector estratéxico para a economía e o emprego en Galiza. Ademais, este traballo vén sendo fundamental para defensa internacional da nosa frota, para apoiar o estado dos recursos e para a toma de decisións sobre a ordenación pesqueira. De feito, moitas das melloras rexistradas na

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 10:42:45
Nº Rexistro: 33858
Data envio: 19/04/2022 10:42:45.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestión pesqueira en todo o mundo son o resultado do traballo investigador desenvolvido polos científicos e científicas deste centro.

Vigo é un importante polo de investigación da pesca do que forman parte o propio Centro Oceanográfico de Vigo, xunto co Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC) de Bouzas, co futuro Campus do Mar e toda a investigación que se desenvolve nas distintas universidades e outras administracións galegas. Esta circunstancia fai aínda máis idóneo ao centro de Vigo para acoller a sede permanente de pesquerías e/ou acuicultura do Instituto Español de Oceanografía.

A reacción a esta decisión do Goberno do Estado está sendo unánime non só na cidade de Vigo senón en toda Galiza, o rexeitamento a esta decisión por parte das distintas administracións (Xunta de Galiza, Concello de Vigo, Porto de Vigo,...), así como de todo o sector do mar e de toda a sociedade galega polo que o Goberno do Estado debe rectificar a súa decisión sobre a adscrición da sede permanente de pesquerías e acuicultura do Instituto Español de Oceanografía e garantir que Vigo albergue esa sede pola importante labor científica que o Centro Oceanográfico de Vigo leva desenvolvido neses ámbitos ao longo dos anos.

Cada decisión que toma o Ministerio de Ciencia e Innovación está a provocar que os centros oceanográficos de Vigo e A Coruña estean a perder independencia e a perder peso na rede estatal de centros do IEO.

A esta última decisión hai que engadirlle a tomada por este ministerio en xullo de 2020, polo que integrou o IEO dentro da estrutura da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), decisión que foi rexeitada tanto polas persoas que traballan nos centros oceanográficos galegos, como polo sector do mar.

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 10:42:45
Nº Rexistro: 33858
Data envio: 19/04/2022 10:42:45.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade é que, como xa se indicaba no momento do anuncio da integración dos centros galegos no CSIC, os problemas non se solucionaron e os centros seguen sen resolver os seus problemas financeiros e seguen sen poder dispor do orzamento necesario para realizar as labores de mantemento dos edificios, nin para mercar material.

O Parlamento galego xa acordou demandar a transferencia dos centros do IEO en Galiza á Xunta de Galicia en tres ocasións: en marzo de 2016, en maio de 2018 e a última en novembro de 2020 a instancia dunha proposición non de lei presentada na Comisión de Pesca polo Bloque Nacionalista Galego, que foi aprobada por unanimidade, na que se instaba a Xunta de Galicia a:

"- Emprender de xeito inmediato a comunicación e as xestións precisas co Goberno do Estado para iniciar o procedemento para o traspaso de competencias – co previo saneamento e retallamento organizativo do IEO - da totalidade da xestión económico administrativa dos centros do Instituto Español de Oceanografía en Galiza para que pasen a formar parte da estrutura da propia Xunta.

- Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos a que, mentres non se dea traslado ás competencias plenas, se inicie un proceso de colaboración entre a Xunta de Galicia e os centros e as infraestruturas do IEO, nomeadamente para os centros e infraestruturas con sede en Galiza, na cidade da Coruña e na cidade de Vigo, para seren xestionados segundo as necesidades do sector marítimo-pesqueiro galego e da Administración autonómica, e sempre en colaboración coas restantes comunidades autónomas e as entidades e organismos investigadores internacionais."

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 10:42:45
Nº Rexistro: 33858
Data envio: 19/04/2022 10:42:45.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A día de hoxe non se coñece ningunha acción levada a cabo polo goberno galego para acadar ese traslado de competencias e a situación dos centros oceanográficos galegos empeora día a día.

Que o sector do mar teña centros de referencia en Galiza cos que traballar da man como se está a facer na actualidade, é a chave para promover os sectores pesqueiro e acuícola e a industria que depende deles e é fundamental para seguir traballando por un pesca sostible e con futuro no noso país.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego do anuncio do Ministerio de Ciencia e Innovación polo que o Instituto Español de Oceanografía (IEO) descentralizará a súas sedes definitivas de pesquerías e acuicultura a Santander e Mazarrón respectivamente?

. Como valora o Goberno galego que ningunha destas sedes veña para Galiza?

. Que accións levou a cabo a Consellería do Mar para que estas sedes foran trasladadas ao Centro Oceanográfico de Vigo?

. Que accións ten levado a cabo o Goberno galego para dar cumprimento aos acordos do Parlamento galego de marzo de 2016, maio de 2021 e decembro de 2020, relativos ao traspaso de competencias para a total xestión económico administrativa dos centros do IEO en Galiza?

. Está disposto o Goberno galego a solicitar ao Estado español a convocatoria da comisión bilateral entre o Estado e a Xunta de Galiza co obxecto de iniciar o

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 10:42:45
Nº Rexistro: 33858
Data envio: 19/04/2022 10:42:45.822

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedemento para o traspaso de competencias da totalidade da xestión económico administrativa dos centros do IEO en Galiza?

. Considera o Goberno galego que o traslado das competencias dos centros oceanográficos de Vigo e A Coruña axudarían a impulsar os sectores da pesca e da acuicultura galega e da industria que depende deles?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**
Alexandra Fernández Gómez
Rosana Pérez Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/04/2022 10:39:17

Alexandra Fernández Gómez na data 19/04/2022 10:39:21

María do Carme González Iglesias na data 19/04/2022 10:39:29

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33875
Data envio: 19/04/2022 15:15:12.867

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Na vila de Gondomar as estradas de titularidade autonómica PO-331 entre Porriño e Gondomar e a P0-340 entre Gondomar e Tui están totalmente abandonadas. Estas estradas necesitan a mellora urxente por parte da Xunta de Galicia.

Na estrada autonómica PO-331 no tramo pola parroquia de Vincios os veciños e veciñas levan anos reclamado a mellora das beirarrúas, que se atopan en moi mal estado, así como a mellora da seguridade viaria nun punto de alto tránsito de vehículos.

O Goberno municipal de Gondomar intentou en múltiples ocasións que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade renovara estas beirarrúas nos seus diferentes tramos e demandando a necesidade da instalación neste tramo de varios pasos recrecidos, así como unha rede semafórica que permita a mellora da seguridade peonil. Sen ter ningunha resposta por parte do Goberno autonómico.

O viario de titularidade autonómica P0-340 entre Gondomar e Tui, tamén se atopa nun estado de total abandono por parte da Xunta de Galicia. En moitos tramos deste viario as beirarrúas atópanse intransitables e noutros tramos son directamente inexistentes. O Concello de Gondomar solicitou varias veces a mellora deste tramo para a seguridade e accesibilidade da veciñanza desta vila.

Este problema está causando malestar entre a veciñanza desta vila que demanda unha solución a estes problemas. A realidade é que estas beirarrúas son totalmente inaccesibles, rotas, con tramos inexistentes e con elementos que entorpecen o paso de calquera cadeira de rodas ou carro de bebé.

A Xunta de Galicia ten que arranxar estas beirarrúas de titularidade autonómica situadas no Concello de Gondomar para mellorar a mobilidade das veciñas e veciños desta vila.

Por todo isto solicitamos dende o Grupo Parlamentario Socialista que se comecen as obras de renovación o antes posible nas beirarrúa da PO-331 entre Porriño e

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33875
Data envio: 19/04/2022 15:15:12.867

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Gondomar, no seu tramo por Vincios, así como da P0-340 entre Gondomar e Tui por atoparse nun estado de total abandono por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia a realizar, antes de que remate o ano, a obra de renovación das beirarrúas da PO-331 no seu tramo pola parroquia de Vincios e a instalación neste tramo de varios pasos recrecidos, así como una rede semafórica que permita a mellora da seguridade peonil en Gondomar?
2. Ten pensado o Goberno galego realizar, antes de que remate o ano, a obra de renovación das beirarrúas da P0-340 entre Gondomar e Tui que permitiría mellorar a mobilidade e seguridade en Gondomar?

Pazo do Parlamento, 18 de abril do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Noelia Otero Lago
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/04/2022 14:53:50

Patricia Otero Rodríguez na data 19/04/2022 14:54:21

Noelia Otero Lago na data 19/04/2022 14:54:33

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 17:27:46
Nº Rexistro: 33884
Data envio: 19/04/2022 17:27:46.411

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo, acompañada polo xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, reuniuse en maio de 2021 coa alcaldesa de Redondela, nesta xuntanza trataron varias cuestións relacionadas co ámbito educativo. Entre elas, dende a Xunta de Galicia informouse da próxima licitación das obras de ampliación do IES Pedro Floriani, que incorporará catro novas aulas, dando resposta á demanda existente.

Case un ano despois, a Xunta de Galicia non cumpre o acordado nesa reunión de maio do ano pasado. Por este motivo, o Consello Escolar de Redondela, órgano consultivo e de participación de todos os sectores implicados no ensino, acordou na súa última reunión esixirlle ó Goberno galego que realice de xeito urxente diferentes obras nos centros e que afronte os compromisos adquiridos coa comunidade educativa, como é a ampliación do IES Pedro Floriani de Redondela.

Algunhas das obras esixidas levan máis dun ano agardando, como a reparación das fiestras do C.E.I.P. Plurilingüe Alexandre Bóveda de Chapela, ou a ampliación do IES Pedro Floriani, obra tan demandada pola comunidade educativa desta vila.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado o Goberno galego realizar de maneira urxente as obras de ampliación do IES Pedro Floriani de Redondela para dar resposta á demanda existente nesta vila?
2. Vai a Xunta de Galicia a reparar as fiestras do C.E.I.P. Plurilingüe Alexandre Bóveda de Redondela?

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2022

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 17:27:46
Nº Rexistro: 33884
Data envio: 19/04/2022 17:27:46.411

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/04/2022 17:25:52

Noelia Otero Lago na data 19/04/2022 17:26:00

Noa Susana Díaz Varela na data 19/04/2022 17:26:06

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 10:09:04
Nº Rexistro: 33895
Data envio: 20/04/2022 10:09:04.063

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

O concello coruñés de Oroso conta con dous centros educativos públicos de educación infantil e primaria, o CEIP Plurilingüe de Sigüeiro e o CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés, ambos os dous emprazados na cabeceira do concello.

O colexio de maior antigüidade, o Plurilingüe de Sigüeiro, presenta graves deficiencias dende hai anos que hoxe son xa insostibles sen que a Xunta de Galicia, coñecedora do estado deste centro, levase a cabo nel ningunha obra de mellora.

A Consellaría de Educación e o Concello chegaran a un acordo de colaboración hai dez anos para intervir no centro, de maneira que a Administración local se comprometía a arranxar a carpintería exterior mentres que a autonómica se encargaría da cuberta, a instalación eléctrica e os baños. O concello cumpriu, e cos seus escasos medios orzamentarios foi arranxando as fiestras para ir combatendo a humidade que hai no interior das instalacións, pero a Xunta de Galicia non realizou ningunha das intervencións comprometidas.

Segundo o acordo asinado hai décadas entre o Goberno galego e a Fegamp, os concellos deben encargarse das obras de mantemento, conservación e reparación, quedando para a Consellaría as obras de maior calado como as mencionadas. O resultado é que a comunidade educativa do CEIP Plurilingüe de Sigüeiro leva anos soportando unhas condicións en absoluto dignas para un centro educativo público.

A Xunta de Galicia ten en marcha o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica 2021-2024, que cun orzamento de 191 millóns de euros ten previsto novas obras así como outras de ampliación, mellora e eficiencia enerxética en centros educativos, e descoñecemos se o CEIP Plurilingüe de Sigüeiro está entre os centros programados.

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 10:09:04
Nº Rexistro: 33895
Data envio: 20/04/2022 10:09:04.063

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten prevista a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade realizar proximamente obras de mellora de espazos e de eficiencia enerxética no CEIP Plurilingüe de Sigüeiro, en Oroso?

2. Contempla o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica intervir no CEIP Plurilingüe de Sigüeiro? De ser así, cando?

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2022

Asdo.: Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 20/04/2022 09:53:38

Noelia Otero Lago na data 20/04/2022 09:54:42

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 12:09:21
Nº Rexistro: 33902
Data envio: 20/04/2022 12:09:21.841

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Paloma Castro Rey e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Tras máis de 3 anos sen Consello Escolar Municipal en Marín, a comezos de abril tivo lugar unha xuntanza ao fin na que o punto máis importante dos tratados foi a presentación da proposta do xefe territorial da Xunta de Galicia da nova zonificación das áreas de influencia e adscrición de centros escolares. Un documento fundamental para definir as unidades escolares que terá cada centro nos próximos anos.

A proposta elaborada desde Educación vén de ser rexeitada de maneira unánime polas ANPA, representantes sindicais e grupos municipais da oposición en tanto acabaría con décadas de boa convivencia entre os colexios públicos e os privados concertados na localidade. Pasaríase segundo o deseño da Consellería dunha situación onde o número de prazas ofertadas en infantil pola escola pública era similar á da concertada, a outra onde a concertada practicamente duplica o número de prazas da pública e que co tempo tamén acabaría producíndose nas etapas superiores do ensino. É dicir, os colexios públicos converteríanse de facto en subsidiarios ou complementarios dos colexios concertados. Doutra banda, entre os colexios públicos este plan deixa grandes prexudicados, moi especialmente o de Sequelo e o Grupo Escolar, os dous colexios públicos máis demandados para o centro urbano de Marín.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Á vista do rexeitamento manifestado polos distintos actores representados no Consello Escolar e a comunidade educativa de Marín, considera que a proposta de zonificación elaborada pola Consellería é axeitada?

2. Cales son os motivos para propoñer un plan que rompe definitivamente a convivencia histórica entre a educación pública e a concertada favorecendo claramente a uns centros fronte a outros?

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2022

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 12:09:21
Nº Rexistro: 33902
Data envio: 20/04/2022 12:09:21.841

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 20/04/2022 10:48:50

Paloma Castro Rey na data 20/04/2022 10:48:58

Noa Susana Díaz Varela na data 20/04/2022 10:49:05

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 13:52:11
Nº Rexistro: 33908
Data envio: 20/04/2022 13:52:11.395

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Partido Popular vén realizando de xeito sistemático unha política de devaluación dos servizos públicos, moi notoria no caso da sanidade. Son múltiples as privatizacións do sistema sanitario público, tanto para a prestación de atención sanitaria, como tamén de servizos de limpeza, cafeterías e catering, etc.

Mais esta connivencia coa sanidade privada resulta máis rechamante no que se refire á derivación de pacientes para a realización de probas diagnósticas, cirurxías ou consultas, entre outros. Neste senso, a aprobación da Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias aprobada no 2013 veu reforzar esta tendencia ao traer consigo a fixación duns tempos de espera máximos que resultan imposibles de cumprir na situación na que se atopa a sanidade pública galega ao non viren estas medidas acompañadas dunha maior contratación de persoal, entre outros investimentos. Desde modo, ampárase de xeito legal a derivación de doentes á sanidade privada para poder garantir eses prazos marcados polo mesmo goberno do Partido Popular, sen que supuxera en ningún momento unha diminución efectiva das listas de espera.

Asemade, coa aprobación desta lei consolidáronse as listas de espera non estruturais, nas que son colocadas as pacientes que rexeitan esta derivación á sanidade

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 13:52:11
Nº Rexistro: 33908
Data envio: 20/04/2022 13:52:11.395

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

privada, mais tamén aquelas que rexeitan a cita proposta por calquera outro motivo, e nas cales non se garante ningún tempo máximo de espera. Tamén se consolida a falta de transparencia e escurantismo ao non contar con datos sobre o cómputo total das listas de espera nin tampouco sobre a cantidade de derivacións que se realizan.

Ademais, as listas de espera padecen o impacto que tivo a pandemia da COVID19 sobre a sanidade pública, ao producírense nestes dous anos limitacións á asistencia, tanto nas consultas, como na realización de cirurxías e probas complementarias. Estes impactos teñen unha das súas vertentes máis notorias no caso de pacientes da área oncolóxica que, por exemplo, non poden realizar as probas de imaxe precisas para avaliar a progresión da súa patoloxía no tempo estipulado polas facultativas. De feito o xerente do Sergas vén de recoñecer recentemente que no presente ano non se recuperará a situación previa á irrupción da pandemia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– Cales son os datos de derivación á sanidade privada nos últimos cinco anos?

– Cantos pacientes foron derivados neste período de tempo? Cal é a desagregación por centro hospitalario e especialidade?

– Que custo teñen para a sanidade pública estas derivacións? Como se distribúe ese gasto por centro hospitalario e especialidade?

– Cal é a situación das listas de espera non estruturais? Cantas pacientes hai nesas listas? Cal é o tempo de espera destas persoas?

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 13:52:11
Nº Rexistro: 33908
Data envio: 20/04/2022 13:52:11.395

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Que medidas ten contempladas o goberno galego para garantir o dereito destas pacientes en listas de espera non estruturais a recibir atención sanitaria en tempo e forma?

– Ten previsto o goberno galego eliminar as listas de espera non estruturais?

– Cando vai facer públicos os datos totais das listas de espera (estruturais e non estruturais)?

– Que medidas ten contempladas o goberno galego para rematar coas listas de espera na sanidade pública?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/04/2022 13:47:16

María Montserrat Prado Cores na data 20/04/2022 13:47:19

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 13:52:11
Nº Rexistro: 33908
Data envio: 20/04/2022 13:52:11.395

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 20/04/2022 13:47:27

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33916
Data envio: 20/04/2022 16:09:35.861

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O último informe sobre rendas mínimas de inserción da *Asociación Estatal de Directores y Gerentes en Servicios* Sociales a nivel estatal deixa a Galicia nunha situación preocupante.

Galicia a penas chega ao 5 % da cobertura de galegos e galegas que viven baixo o umbral da pobreza, cando outras CCAA como País Vasco ou Navarra chegan ata o 60 %. E a propia contía da RISGA é das máis baixas do Estado respecto á renda media da CCAA.

Ante esta situación e tras numerosas propostas por parte do Grupo Parlamentario Socialista en canto á necesidade de estudar o novo contexto de exclusión social en Galicia derivado do paso da pandemia, así como a necesidade dun plan potente contra a pobreza, con especial atención á pobreza infantil.

No ano 2020, o Goberno de España creou o Ingreso Mínimo Vital, que foi concibido como un ingreso complementario coas rendas autonómicas, sen embargo a renda galega, RISGA, é incompatible coa mesma na Lee 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Polo que, dende o Grupo Socialista insistimos ao Goberno galego na necesidade de adaptar a propia lei galega de inclusión para permitir a compatibilidade co IMV.

Na actualidade o IMV cubre a case 37.000 galegos e galegas e no último informe sobre rendas mínimas de inserción da *Asociación Estatal de Directores y Gerentes en Servicios Sociales*, indícase que hai sete CCAA que reducen o número de persoas beneficiarias das rendas mínimas e recortan presuposto coa coartada do IMV, entre elas Galicia. O Grupo Parlamentario Socialista propuxo en varias ocasións que se investise a parte do presuposto da renda mínima que en Galicia se deixaba de gastar grazas á chegada do IMV, nun plan adaptado de inserción laboral e loita contra a pobreza infantil. E tal e como recomenda o citado informe é fundamental investir en reforzar o persoal de servizos sociais para axilizar, nun contexto de crise sociosanitaria, a resolución destas prestacións fundamentais para a reactivación social e económica de Galicia. Fai

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33916
Data envio: 20/04/2022 16:09:35.861

unhas semanas o Ministro de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, José Luis Escrivá e o Presidente da Xunta Alberto Núñez Feijóo anunciaron o proxecto piloto contra a pobreza infantil dotado con 10,6 millóns de euros procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que beneficiará a unhas 6.000 persoas ata xuño de 2023, o que supón un paso importante na loita contra a pobreza infantil, tendo en conta que Galicia ten cifras moi altas de pobreza infantil.

Tendo en conta o contexto derivado da invasión de Rusia sobre Ucraína que fai que exista un incremento nos prezos, é necesario que as administracións tomen medidas como fixo o Goberno de España incrementando un 15 % o IMV. Neste caso a Xunta de Galicia ten que dar un paso firme para blindar ás familias en situación de vulnerabilidade incrementando a RISGA, tendo en conta que é das rendas de inclusión máis baixas do conxunto do Estado.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Considera a Xunta de Galicia importante adaptar a Lei galego de inclusión para que poida ser compatible co IMV?

2.ª) Por que non adaptaron a Lei galega de inclusión ao IMV despois de mía dun ano e medio da creación do mesmo?

3.ª) Consideran relevante incrementa o persoal dos servizos sociais comunitarios par axilizar os trámites das rendas mínimas?

4.ª) Que nivel de execución no presuposto destinado á Risga se deu en 2019, en 2020 e 2021?

5.ª) Ten pensado a Xunta incrementar a prestación da Risga tendo en conta que é das máis baixas do conxunto do Estado?

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33916
Data envio: 20/04/2022 16:09:35.861

Marina Ortega Otero na data 20/04/2022 16:06:21

Julio Torrado Quintela na data 20/04/2022 16:06:35

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 16:37:48
Nº Rexistro: 33921
Data envio: 20/04/2022 16:37:48.673

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A Policía Nacional de Vigo atópase investigando o presunto ataque homófobo sufrido durante a Semana Santa a dous mozos de 22 e 23 anos cando se estaban a bicar nun banco da Praza de Portugal na contorna de Churruca. Os mozos agredidos presentaron denuncia pola malleira e os insultos recibidos, unha agresión que provocou que tiveran que ser atendidos no Hospital Álvaro Cunqueiro. Mentres os axentes investigan estes lamentables feitos, este grupo parlamentario volve a insistir na necesidade de que a Xunta de Galicia desenvolva todas as ferramentas a súa disposición para loitar contra a LGTBIfobia e avanzar na igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI na nosa comunidade.

O acontecido en Vigo non é por desgraza un feito illado, as agresións LGTBIfóbicas non deixan de aumentar no conxunto do Estado e tamén en Galicia. Os datos dos observatorios contra a homofobia en Madrid, Cataluña ou no Observatorio da Coruña, ante a falta de actividade e datos do Observatorio galego, reflicten tamén un aumento do número de incidentes e todo indica que se trata dunha constante en toda a nosa xeografía, sen excepción. Estas actitudes violentas, que causan un gran sufrimento ás vítimas e que, en moitos casos, nin se chegan a denunciar, están alentadas e precedidas polos discursos de odio, especialmente cando estes institucionalízanse ou normalizan no ámbito público.

Por iso, nun país democrático, os discursos de odio, e en especial as agresións cara ao colectivo LGTBI non poden ter cabida, pero seguimos asistindo tamén na nosa comunidade a episodios de LGTBIfobia ante os que a Xunta de Galicia semella ficar impasible. Entre as medidas trasladadas temos solicitado en diversas iniciativas que dotasen de contido e actividade ao Observatorio Galego contra a Discriminación aprobado no 2018 e que non tivo apenas actividade. Tamén temos solicitado que desenvolvan a Lei 2/2014, do14 de abril, aumentar a dotación orzamentaria na actualidade raquítica para soster aos colectivos que traballan pola igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI, pero lamentablemente todas elas contan co muro do voto en contra do Grupo Popular. Cómpre pasar das boas palabras aos feitos.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 16:37:48
Nº Rexistro: 33921
Data envio: 20/04/2022 16:37:48.673

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai do goteo constante de casos e agresións de odio contra as persoas LGTBI na nosa comunidade?
2. Que ten feito estes meses para paliar o aumento destes delitos de odio na comunidade?
3. Considera que está a desenvolver e a dar cumprimento dos artigos da Lei 2/2014, do14 de abril?
4. Cales son as razóns no que afecta á Consellería de Educación polas que non se está a cumprir a Lei 2/2014, do 14 de abril en canto a obriga de revisar os contidos e a inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos, a realización de actividades dirixidas a toda a comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios ou a elaboración dun informe ou memoria anual ao remate de cada curso escolar que permita avaliar o grao de cumprimento destes compromisos por parte da Consellería de Educación?

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 20/04/2022 16:35:31

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/04/2022 16:35:38

Marina Ortega Otero na data 20/04/2022 16:35:45

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 16:37:48
Nº Rexistro: 33921
Data envio: 20/04/2022 16:37:48.673

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 20/04/2022 16:35:57

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 17:53:53
Nº Rexistro: 33925
Data envio: 20/04/2022 17:53:53.585

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Á vista do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que criterio está a seguir a Xunta de Galicia para dar cumprimento á disposición adicional 6 da Lei 20/2021, de 28 de decembro?

2. Que criterio seguiu o Goberno galego para determinar as prazas que van a ser cubertas como destino definitivo polo persoal que obtivo a súa praza a raíz da OEP 2016?

Pazo do Parlamento, 20 de abril do 2022

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/04/2022 17:51:46

Paloma Castro Rey na data 20/04/2022 17:51:57

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 17:53:53
Nº Rexistro: 33925
Data envio: 20/04/2022 17:53:53.585

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Pablo Arangüena Fernández na data 20/04/2022 17:52:05

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 18:13:13
Nº Rexistro: 33928
Data envio: 20/04/2022 18:13:13.110

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A finais de marzo deste ano, seis *instagrammers* galegos percorreron varias etapas dun dos itinerarios do Camiño de Santiago a petición da Xunta de Galicia. O obxectivo era levar a cabo unha campaña de promoción turística entre mozos e mozas que sigan os pasos dos seis artistas e influencers nas súas redes sociais.

O vicepresidente primeiro, do que depende a área de turismo, foi o encargado de dar a coñecer o 26 de marzo os nomes dos seis peregrinos: a actriz Cristina Castaño; os cantantes Roi Méndez e Luis Cepeda; e os influencers Natalia Maquieira, Tamara García Romero e Xurxo Carreño.

Entre o 30 de marzo e o 3 de abril realizaron cinco etapas, entre Ourense e Santiago, da Vía da Prata. O compromiso dos seis foi compartir vídeos e imaxes nos seus perfís de Instagram sobre a experiencia e cos hashtags #GaliciaDestinoSeguro e #CamiñaAGalicia.

O vicepresidente primeiro defendeu a medida como unha vía para chegar aos seguidores destes famosos, convertidos en "embaixadores do Camiño" para acceder ás xeracións máis novas que interactúan de forma máis intensa nas redes sociais.

Unha iniciativa similar organizouse xa en 2021. O ano pasado foron catro as persoas con seguidores nas redes -Martiño Rivas, Cristina Cerqueiras, Gala González e Xurxo Carreño, que repetiu en 2022- realizaron catro etapas do Camiño Portugués da Costa. Acadaron 13 millóns de visitas coas súas publicacións, segundo a Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi o coste total para a Xunta de Galicia da campaña de promoción turística entre mozos e mozas realizada por *instagrammers* no ano 2021 e o ano 2022?

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2022 18:13:13
Nº Rexistro: 33928
Data envio: 20/04/2022 18:13:13.110

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

2. A Xunta de Galicia pagoulle ós seis *instagrammers* galegos que percorreron a Vía da Prata no ano 2022? En caso afirmativo, que contías se lle deu por parte da Xunta de Galicia no 2022 a cada un dos seis *instagrammers* galegos por realizar as cinco etapas, entre Ourense e Santiago, da Vía da Prata?

3. A Xunta de Galicia pagoulle ós catro *instagrammers* que percorreron *as etapas do Camiño Portugués da Costa* no 2021? En caso afirmativo, que contías se lles deu por parte da Xunta de Galicia no ano 2021 a cada *instagrammers* que realizaron as etapas do *Camiño Portugués da Costa?*

Pazo do Parlamento, 19 de abril do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/04/2022 18:11:53

Martín Seco García na data 20/04/2022 18:12:00

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 33934
Data envio: 20/04/2022 18:57:22.037

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a restitución de xeito inmediato do servizo de urxencias da Casa do Mar do concello de Moaña.

Na última década, coa escusa da crise, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións lexislativas e organizativas que danaron gravemente a sanidade pública de Galiza.

A atención primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, sendo, as consecuencias, tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listas de agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas.

Entre esas medidas estivo o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 33934
Data envio: 20/04/2022 18:57:22.037

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a enfermidade se debesen realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que non xa non se pode comprender é que nestes momentos nos que as diferentes restricións derivadas da pandemia fosen retiradas polo goberno central, a Casa do Mar de Moaña continúe sen urxencias e sen recuperar os ratios de consultas presenciais anteriores á mesma, ademais de soportar atrasos moi importantes nas citas da atención primaria.

Dous anos despois de terse tomado estas medidas, supostamente provisionais, vemos como a Xunta de Galiza e o SERGAS non fixo nada para buscar alternativas á deslocalización das urxencias ao Concello de Cangas, ao igual que se fai patente o obxectivo da Xunta de Galiza, o de manter como permanentes as medidas aplicadas como provisionais, o que supón o empeoramento continuado e non xustificado na calidade dos servizos sanitarios da veciñanza de Moaña.

A permanencia destas medidas ilóxicas por parte da Xunta de Galiza só perseguen un obxectivo: continuar co desmantelamento da rede pública sanitaria, potenciando o transvase de doentes cara as redes privadas. Como pobo comprometido coa defensa dos servizos públicos, non podemos permitir que se destrúa un ben tan prezado como é a nosa sanidade pública.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para a restitución do servizo de urxencias en Moaña?

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 33934
Data envio: 20/04/2022 18:57:22.037

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2- Por que, unha vez superados os momentos máis duros da pandemia da COVID-19, non se devolve a Moaña o servizo de urxencias?

3- A Xunta de Galiza é consciente dos problemas derivados da eliminación do servizo de urxencias en Moaña e o seu traslado ao Centro de saúde de Cangas?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/04/2022 18:45:30

Paulo Ríos Santomé na data 20/04/2022 18:45:34

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123365

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 10:24:59
Nº Rexistro: 33940
Data envio: 21/04/2022 10:24:59.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o incremento dos delitos de odio LGBTfóbicos na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos vimos asistindo a un empeoramento nos discursos de odio en xeral, mais tamén un incremento nos ataques LGBTfóbicos. Segundo os datos proporcionados recentemente polo propio Ministerio do Interior, en 2021 foron investigados no global do Estado un total de 1.802 posibles delitos de odio, 530 máis dos investigados en 2016, o que vén supor un incremento do 41,6% no período destes 5 anos. Dentro desta categoría de delitos de odio, as tres figuras que ostentan o maior número de delitos son os relacionados ou derivados de condutas racistas ou xenófobas (37,6%), os cometidos contra a orientación sexual e identidade de xénero (26,5%) e os derivados de discriminacións ou ataques por ideoloxía (18,6%).

Esta é unha tendencia global na que Galiza non permanece allea. Atendendo ao rexistro existente, entre os anos 2013 e 2020, rexistráronse polas autoridades máis de 400 delitos de odio no noso País, dos que 130 corresponden a ataques por orientación sexual e identidade de xénero.

Estamos a presenciar a un importante repunte nas manifestacións LGBTfóbicas a través de actos vandálicos nas rúas de todo o País, dirixidos tanto a boicotear calquera mostra de apoio ao colectivo, como coa divulgación de discursos de odio e mensaxes

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 10:24:59
Nº Rexistro: 33940
Data envio: 21/04/2022 10:24:59.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abertamente degradantes que teñen acollida nos medios de comunicación ou incluso no seo de certos partidos políticos.

Mais non fica aí, senón que tamén se están a dar numerosos casos de acoso, cunha presenza destacable do acoso a través da internet, destacando o papel das redes sociais, e de agresións directamente contra as persoas LGBT, tanto verbais como, infelizmente, físicas. Só nas últimas semanas foron denunciadas dúas tremendas agresións físicas que tiveron lugar nas rúas de dúas cidades galegas. Na primeira delas, en Ourense, unha persoa rematou no chan cunha fractura nasal despois de que o agresor tamén a ridiculizase polo seu aspecto físico e proferise insultos abertamente homófobos. Uns días despois en Vigo, unha parella foi agredida despois de bicarse na rúa rematando ambas persoas no hospital con múltiples traumatismos. Non podemos esquecer tampouco o asasinato de Samuel Luíz o pasado xullo nas rúas da Coruña no cal, presuntamente, a súa orientación sexual formou parte das motivacións para esta violencia.

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente o goberno galego da situación na que se atopa o colectivo LGBT no noso País?

- Que valoración fai a Xunta de Galiza das políticas desenvolvidas en materia afectivo-sexual? Cal é o motivo polo cal a lei 2/2014 conta con tantos aspectos que están aínda sen desenvolver?

- Que opinión lle merece ao executivo galego o incremento dos delitos de odio na Galiza, particularmente o caso da LGBTfobia?

- Que medidas está previsto desenvolver ante este incremento?

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 10:24:59
Nº Rexistro: 33940
Data envio: 21/04/2022 10:24:59.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vaise personar a Xunta de Galiza nos procedementos xudiciais, de carácter penal, incoados pola comisión de feitos presuntamente constitutivos dun delito de odio?

- Cando se van implantar os plans de formación para o persoal das administracións públicas recollidos na lei 2/2014?

- Cales son as medidas vixentes actualmente deseñadas pola Xunta de Galiza para traballar a educación afectivo-sexual nos centros de ensino? Que programas ou accións foron desenvolvidos nos últimos anos? Cales son os materiais de divulgación existentes a día de hoxe nos centros de ensino galegos? Consideran que son suficientes?

- Considera o goberno galego que está a realizar todas as medidas posíbeis para garantir a seguridade e benestar das persoas LGBT?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/04/2022 10:17:24

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 10:24:59
Nº Rexistro: 33940
Data envio: 21/04/2022 10:24:59.949

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/04/2022 10:17:28

Iria Carreira Pazos na data 21/04/2022 10:17:38

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 13:12:51
Nº Rexistro: 33949
Data envio: 21/04/2022 13:12:51.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e **Alexandra Fernández Gómez**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través do Decreto-Lei 6/2022 polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra na Ucraína, o goberno español introduciu unha modificación normativa da lei de avaliación ambiental mediante a que se suspende até decembro de 2024 a tramitación ambiental dos parques eólicos e solares de autorización estatal (de até 75 MW de potencia eólica ou 150 de solar) con menos de 15 km de liñas de evacuación, que non estean en Rede Natura 2000 ou no mar e que se ubiquen en zonas de sensibilidade baixa ou moderada segundo a "Zonificación ambiental para a implantación das enerxías renovábeis" do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Esta norma crea un atallo normativo para a tramitación expréss dos proxectos coa conseguinte redución de prazos e trámites, a restrición da participación e información pública e a substitución da Declaración de Impacto Ambiental por un "informe de determinación da afección ambiental" de parte e sen trámite de consulta pública.

O goberno fai unha utilización torticeira da guerra e da necesidade de "acelerar a descarbonización e reducir a dependencia enerxética" para impoñer un modelo de

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 13:12:51
Nº Rexistro: 33949
Data envio: 21/04/2022 13:12:51.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desenvolvemento eólico invasivo e agresivo, que causa graves impactos no territorio, no medio e nas persoas. Con estas modificacións normativas, pensadas para favorecer os intereses dos grandes grupos enerxéticos, o goberno central copia e agrava cambios lexislativos similares implantados pola Xunta nos últimos anos mediante a Lei 5/2017 e a Lei 9/2021, entre outras.

As consecuencias deste decreto-lei vense ademais agravadas pola política ambiental do goberno galego, que deixou baixo a máis absoluta desprotección amplas zonas de territorio galego que deberían ser obxecto de especial protección e conservación por albergar hábitats e especies de interese prioritario. E tampouco aprobou a Estratexia de Infraestrutura Verde para garantir a conectividade e restauración ecolóxicas.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que iniciativas levou a cabo a Xunta en relación coas modificacións normativas introducidas polo goberno central mediante o Decreto Lei 6/2022 para a tramitación expréss e sen información pública de proxectos de xeración de enerxías renovábeis de competencia estatal?

. Que medidas impulsou o goberno galego en relación coa “Zonificación ambiental para a implantación das enerxías renovábeis” do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico?

. Ten previsto a Xunta ampliar a protección do territorio incluindo os hábitats de interese prioritario e comunitario, tomando como referencia mínima a proposta de

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 13:12:51
Nº Rexistro: 33949
Data envio: 21/04/2022 13:12:51.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123404
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/04/2022 09:47:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:47:15
Nº Rexistro: 33844
Data envio: 19/04/2022 09:47:15.276

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2022 9:47:12

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:47:07
Nº Rexistro: 33843
Data envio: 19/04/2022 09:47:07.776
Data 19/04/2022 09:47

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 29451,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para executar o proxecto de senda e mellora da seguridade viaria nos treitos Fontenla-Combarro e Combarro-Chancelas",** (publicada no BOPG número 275 do 10 de febreiro de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten executadas ou en distintas fases de tramitación un amplo conxunto de actuacións coas que a PO-308 está a converterse nunha referencia de seguridade viaria. Así, no marco do Plan de Sendas de Galicia a estrada PO-308 suma 19 quilómetros de novas sendas, contando ambas marxes, dos cales case 15 xa están executados.

Respecto das actuacións localizadas no Concello de Poio, trátase de actuacións moi complexas, nas que é necesario conciliar as melloras da estrada coas inevitables afeccións a particulares en canto a expropiacións, polo que o proceso de concertación da actuación é longo. Así sucedeu no caso de O Covelo–Raxó, e pasa tamén no caso das dúas sendas restantes.

Así, o itinerario peonil e ciclista na PO-308 O Covelo-Raxó, xa en servizo, executouse de xeito simultáneo coas obras incluídas no Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 entre os puntos quilométricos 8+700 e 12+700, entre a intersección coa rúa de acceso ao peirao do Covelo e o miradoiro da Granxa.

O itinerario peonil e ciclista Fontenla-Combarro executarase de xeito simultáneo co co proxecto de seguridade viaria entre os puntos quilométricos 3+500 e 5+100, que recolle numerosas melloras. Estase a preparar a licitación conxunta das dúas obras, da senda e da mellora da seguridade viaria.

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123406
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/04/2022 09:47:03

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:47:07
Nº Rexistro: 33843
Data envio: 19/04/2022 09:47:07.776

No que respecta ao itinerario peonil e ciclista no treito Combarro-Chancelas-Samieira, despois de analizar todas as alegacións presentadas no trámite de información pública, de revisar novamente as afeccións a terceiros e valorar as necesidades da contorna, pola transcendencia dos cambios a actuación precisa un novo trámite de información pública, que se acometerá ao longo deste ano.

Puntualizar que desde o punto de vista da rede autonómica de estradas tense que garantir o acceso aos concellos de Poio e Sanxenxo, e isto resólvese coa VG-4.8, que dá acceso desde Campañó á capitalidade do concello de Poio, e AG-41, a Autovía do Salnés. En canto a unha posible vía alternativa que 'facilite a convivencia dos veciños de Poio' debe ser o Concello o que propoña o trazado dunha variante que capte tráfico da PO-308 e sexa social, ambiental e financeiramente viable".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:47:07
Nº Rexistro: 33843
Data envio: 19/04/2022 09:47:07.776

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2022 9:47:03

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:46:58
Nº Rexistro: 33842
Data envio: 19/04/2022 09:46:58.511
Data 19/04/2022 09:46

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 30080,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a aceptación do proxecto do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que propón como alternativa a construción do tramo pendente da A-52 Porriño ↔Vigo, en túnel",** (publicada no BOPG número 278 do 17 de febreiro de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A actual conexión entre Vigo e O Porriño a través da autovía A-55 rexistra un tráfico elevado e ten un trazado que fai dela unha vía perigosa (cun dos índices de sinistralidade máis altos de toda España), resultando un lastre para a calidade de vida das persoas e para a competitividade dunha das áreas industriais máis potentes de Galicia. É por isto que a demanda dunha autovía alternativa á dita conexión ven sendo unha constante na axenda de infraestruturas do goberno galego dende fai máis dunha década. No ano 2018 o Goberno do Estado comprometeuse coa execución dunha nova autovía Vigo-O Porriño como continuidade da A-52. Trátase dunha infraestrutura que ten que transcorrer maioritariamente en túnel e que precisa dun investimento de máis de 300 millóns de euros, polo que se anunciou que se financiaría mediante colaboración público-privada a través do Plan Extraordinario de Investimentos en Estradas.

A pesar do anterior, unha das primeiras decisións que comunicou publicamente o actual Goberno do Estado en materia de infraestruturas foi que a autovía Vigo-O Porriño desaparecía do Plan de infraestruturas, eliminándose da planificación de obras, para ser executada vía orzamentaria, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado. A realidade actual é que, tras case catro anos, o Goberno do Estado aprobou varios orzamentos e que neles non se recollen as partidas necesarias para avanzar na execución desta nova infraestrutura. Ademais, no último ano a Xunta de Galicia mantivo diferentes reunións co Ministerio de Transportes acerca das infraestruturas galegas, reunións nas que constatou e confirmou que o Goberno de España non avanzou na autovía Vigo-Porriño nin dispón dunha planificación para facelo.

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123409
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/04/2022 09:46:54

Ante esta situación, e tendo en conta que a vía actual é perigosa e de alta sinistralidade, a Xunta presentou unha proposta viable e inmediata: que o Ministerio de Transportes analice a posibilidade de liberar a peaxe no treito correspondente da AP-9, para que sexa asumido como unha peaxe en sombra, ofrecéndolle aos condutores unha vía alternativa gratuíta e en altas prestacións para ese percorrido entre Vigo e O Porriño.

Esta proposta, evidentemente, debe someterse a unha análise técnica e económica rigorosa. O máis salientable é que constitúe unha alternativa temporal, que busca dar resposta á situación que actualmente sofren os condutores mentres non se faga a autovía, sen renunciar, por tanto, á construción desta.

Agora, o Ministerio de Transportes trasladoulle á Xunta que tampouco quere darlle unha alternativa inmediata aos condutores, liberando a peaxe da AP-9 entre Vigo e O Porriño. En definitiva, o Goberno do Estado confirma que non quere facer nada en relación co problema, evidente e real, que existe na autovía A-55 entre Vigo e O Porriño".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:46:58
Nº Rexistro: 33842
Data envio: 19/04/2022 09:46:58.511

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2022 9:46:54

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:46:50
Nº Rexistro: 33841
Data envio: 19/04/2022 09:46:50.980
Data 19/04/2022 09:46
Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 30607,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o incremento dos prezos e o impacto na economía e nos fogares",** (publicada no BOPG número 283 do 25 de febreiro de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 22 de marzo o Conselleiro de Facenda e Administración Pública dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á Interpelación con Nº de rexistro 30608 do Grupo Parlamentario dos do Bloque Nacionalista Galego. O Conselleiro e Facenda explicou que a Xunta xa lle trasladara ao Goberno central unha serie de cuestións inmediatas como a necesidade de buscar unha saída dialogada á folga do transporte; actuar temporalmente sobre a fiscalidade revertendo a suba da recadación polo encarecemento da enerxía; racionalizar o prezo da enerxía; ou a flexibilización das medidas de apoio económico da PAC, entre outras. Durante a súa intervención o Conselleiro lembrou que a Xunta aprobou no mes de marzo unha batería de medidas co obxectivo de paliar as consecuencias da alza de prezos e achegar liquidez ás empresas dentro do ámbito das súas competencias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123412
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/04/2022 09:46:46

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:46:50
Nº Rexistro: 33841
Data envio: 19/04/2022 09:46:50.980

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2022 9:46:46

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:47:57
Nº Rexistro: 33848
Data envio: 19/04/2022 09:47:57.244
Data 19/04/2022 09:47

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 31983,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"o servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada nos concellos da comarca do Barbanza",** (publicada no BOPG número 293 do 17 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 31982, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 5 de abril de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade explicou que os veciños da comarca do Barbanza dispoñen de 925 servizos semanais para cubrir os seus desprazamentos nos autobuses interurbanos da Xunta. Dixo, ademais, que o Goberno galego está a traballar nun reforzo das comunicacións con Santiago e, a este respecto, está pendente de que os concellos trasladen as achegas que consideren oportunas para tomar decisións a este respecto.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MWY1ZDFmMjctMmZhNS00ZGY3LTgzMTktMjhlYzRlNDFiMmNk&start=1059

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123414
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/04/2022 09:47:54

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:47:57
Nº Rexistro: 33848
Data envio: 19/04/2022 09:47:57.244

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?

id=MWY1ZDFmMjctMmZhNS00ZGY3LTgzMTktMjhlYzRlNDFiMmNk&start=1389 ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:47:57
Nº Rexistro: 33848
Data envio: 19/04/2022 09:47:57.244

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2022 9:47:54

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33961
Data envio: 21/04/2022 14:18:58.621
Data 21/04/2022 14:18

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 32120,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a política da Xunta de Galicia en materia de acollemento de persoas refuxiadas e previsións cara ao futuro",** (publicada no BOPG número 298 do 25 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"De acordo co establecido na Constitución española, o Estado ten a exclusividade competencial no relativo a nacionalidade, estranxeiría, emigración, inmigración e dereito de asilo. A acción normativa estatal fixa as condicións de acceso, a xestión dos continxentes e dos procesos de regularización, e marca as pautas a seguir polas comunidades autónomas nas políticas de integración.

Deste xeito, o Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones regula, no marco do Sistema de Protección Internacional, as distintas fases que ordenan a intervención coas persoas solicitantes e beneficiarias de protección internacional, seguindo un itinerario individualizado, que é xestionado por parte de entidades de iniciativa social colaboradoras do programa.

A Xunta de Galicia ven colaborando estreitamente nos últimos anos coas sete entidades xestoras que operan en Galicia (Accem, Cruz Roja, Diaconía, Diversidades, Provivienda, Ecos do Sur e Movemento pola Paz o Desarme e a Liberdade), facilitando o acceso aos servizos que precisan as persoas usuarias e eliminando os posibles atrancos que puideran xurdir na primeira acollida, entre os que destacamos os recursos residenciais que facilita o IGVS en distintas localidades, a escolarización dos menores ou o acceso as prestacións sanitarias, etc.

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123417
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 21/04/2022 14:18:55

Unha vez as persoas entran nunha segunda fase de integración, a Xunta de Galicia pon a súa disposición os recursos que se garanten para todos os galegos e galegas, como son o acceso aos servizos sociais, educación e sanidade. Así mesmo, facilita a súa participación nos recursos para a inclusión e integración da poboación inmigrante que xestiona a Consellería de Política Social a través de dúas convocatorias de subvencións de carácter plurianual: unha dirixida a entidades de iniciativa social e outra dirixida a corporacións locais. Estas achegas permiten desenvolver diferentes accións de inclusión sociolaboral, como actividades formativas e prelaborais, mediación intercultural ou asesoramento legal.

No caso concreto da atención ás persoas procedentes de Ucraína, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, levou e leva a cabo desde o primeiro momento unha labor de coordinación, respectando as directrices do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones.

Deste xeito, tal el como se solicitou na primeira reunión do Ministerio coas Comunidades Autónomas o pasado día 1 de marzo, a Consellería de Política Social de inmediato recadou recursos habitacionais dispoñibles para poñelos a disposición da poboación ucraína refuxiada entre as distintas unidades administrativas da Xunta. Tamén se dirixiu á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para que esta entidade fixera o mesmo entre os concellos galegos, así como entre diversas entidades, co obxecto de centralizalos e envialos ao Ministerio.

Froito desta intervención, a Administración autonómica puxo a disposición do Sistema de atención ás persoas refuxiadas máis de 1400 prazas residenciais.

Desde a Consellería de Política Social habilitouse un correo electrónico específico para centralizar as consultas e ofrecementos relacionados con esta crise, sendo derivados tanto ás distintas unidades administrativas autonómicas competentes -coas cales se mantén un

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33961
Data envio: 21/04/2022 14:18:58.621

contacto directo- como ao Goberno Central, en función da materia de que se trate.

Así mesmo, esta semana poñerase en marcha unha oficina itinerante para atender e asesorar ás persoas refuxiadas ucraínas que chegaron a Galicia, co obxectivo de facilitar a súa integración o mais rápido posible. Esta iniciativa recorrerá distintos lugares da comunidade e contará cun intérprete e con profesionais de servizos sociais, que darán información e atenderán dúbidas ámbito sanitario, educativo, laboral e sobre os servizos sociais e axudas que están á súa disposición, tales como a Risga ou a Tarxeta básica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33961
Data envio: 21/04/2022 14:18:58.621

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/04/2022 14:18:55

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33960
Data envio: 21/04/2022 14:18:51.355
Data 21/04/2022 14:18

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 32329,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia res pecto da solicitude da transferencia do ingreso mínimo vital",** (publicada no BOPG número 298 do 25 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"Como sinalou a conselleira o pasado día 5 de abril en resposta á interpelación número de rexistro 32330 presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a Xunta solicitou ao Goberno central que se aplique ao Ingreso Mínimo Vital (IMV) o mesmo modelo de coxestión das Pensións Non Contributivas. Con esta finalidade, xa se mantivo unha primeira reunión con técnicos do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para avanzar na transferencia de competencias.

Cómpre lembrar que Galicia reclamou desde a creación do IMV a súa xestión para evitar duplicidades e incompatibilidades desta prestación con outras axudas autonómicas e para axilizar a súa tramitación. A día de hoxe, o IMV non conseguiu ter o impacto agardado, debido ás inseguridades e incertezas xeradas sobre o seu funcionamento. Por este motivo, a Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ten na actualidade o 65% das persoas usuarias que tiña en xuño do ano 2020, cando se puxo en marcha o IMV.

Un paso decisivo para conseguir esta transferencia foi a reunión que o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, mantivo co ministro de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, José Luis Escrivá, en Santiago de Compostela no pasado mes de xaneiro. Con

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123421
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 21/04/2022 14:18:48

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33960
Data envio: 21/04/2022 14:18:51.355

todo, ao tratarse da primeira comunidade de réxime xeral (non foral) en lograr este paso, é preciso abrir camiño e resolver todas as dúbidas xurídicas e administrativas para facer posible esta transferencia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33960
Data envio: 21/04/2022 14:18:51.355

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/04/2022 14:18:48

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33959
Data envio: 21/04/2022 14:18:44.746
Data 21/04/2022 14:18
Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 32335,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social",** (publicada no BOPG número 298 do 25 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, e especificamente a Consellería de Política Social, xa dispón de instrumentos de planificación estratéxica das medidas dirixidas ás persoas que mais o necesitan.

En concreto, as medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, encádranse, a efectos de planificación estratéxica:

- Na Estratexia Social de Inclusión de Galicia, que establece as prioridades no ámbito da inclusión social para o período cun enfoque baseado na inclusión social activa. Actualmente, estanse a executar as medidas da Estratexia 2014-2020, que -en liña co marco financeiro dos fondos europeos- pódense continuar executando ata 2023. Así mesmo, e en paralelo ao desenvolvemento desta Estratexia, a Consellería de Política Social está a traballar na formulación da nova Estratexia de Inclusión Social de Galicia Horizonte 2030, que tomará como base a avaliación do marco estratéxico actual e novamente incluirá unha Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia.

- E na Axenda Social Única de Galicia, que constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema Galego de Servizos Sociais –Xunta de Galicia e entidades locais-, e igualmente en colaboración coas entidades de iniciativa social. No período 2016-2020 a Axenda logrou facer realidade o 96% das medidas daquela recollidas, e na actualidade xa está en vigor a Axenda 2021-2024, que inclúe a previsión de revisión e actualización das medidas que contén cunha periodicidade anual.

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123424
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 21/04/2022 14:18:40

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33959
Data envio: 21/04/2022 14:18:44.746

A formulación de ambos documentos é froito dun proceso altamente participativo. De xeito adicional ás medidas incluídas nos marcos ordinarios de planificación estratéxica cabe destacar a posta en marcha de medidas específicas desenvolvidas en resposta a situacións como a crise sociosanitaria da COVID-19 ou á actual crise enerxética. Así pódese aludir ao programa da Tarxeta básica, para a cobertura de necesidades básicas, ou á recente creación dun complemento autonómico de 100 euros para ampliar a contía percibida polas persoas beneficiarias do Bono social térmico.

Para o desenvolvemento das medidas expostas, a Xunta ven realizando un importante esforzo orzamentario nos últimos anos. O orzamento vixente actual da Dirección Xeral de Inclusión Social para o exercicio 2022 sube ata os 138,5 millóns.

Así mesmo, as medidas pertencentes ás áreas de competencias doutros departamentos da Administración Autonómica contan co seu propio crédito, en tanto a loita contra a pobreza é unha cuestión transversal que afecta a varias áreas de goberno".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33959
Data envio: 21/04/2022 14:18:44.746

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/04/2022 14:18:40

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 12:08:57
Nº Rexistro: 33866
Data envio: 19/04/2022 12:08:57.050
Data 19/04/2022 12:08

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 32368,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as medidas para solucionar a situación de contaminación do río Xuvia en Narón",** (publicada no BOPG número 298 do 25 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Infraestruturas e Mobilidade e a de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"No pasado mes de febreiro a Xunta de Galicia, dentro do Plan de Control de Vertidos, realizou dúas inspeccións no río Xubia. Unha por mor do arrastre de terras procedentes de dúas canteiras próximas, que está en investigación, aínda que se descarta que se trate dun vertido contaminante; e a outra pola detección na EDAR de As Somozas dun vertido de augas residuais sen tratamento, que supuxo a apertura dun expediente sancionador ao Concello de As Somozas que se atopa en tramitación.

Nos últimos cinco anos o Plan de Control de Vertidos da Xunta de Galicia inventariou 24 vertidos no río Xubia, dos que só dous foron cualificados como contaminantes; incoáronse sete expedientes e impuxéronse cinco sancións por importe de preto de 20.000 euros.

Pola súa banda, a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, informa que o pasado 8 de abril de 2022, recibiuse un aviso de dun posible vertido na conca do rio Xuvia. Ata a zona, achegáronse dous axentes medioambientais do Servizo de Patrimonio Natural da Consellería que procederon a tomar mostras de auga. Levantouse acta e realizouse informe

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123427
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/04/2022 12:08:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 12:08:57
Nº Rexistro: 33866
Data envio: 19/04/2022 12:08:57.050

para proseguir coas actuacións de investigación e as mostras foron levadas para o seu análise ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 12:08:57
Nº Rexistro: 33866
Data envio: 19/04/2022 12:08:57.050

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2022 12:08:51

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 12:08:45
Nº Rexistro: 33865
Data envio: 19/04/2022 12:08:45.801
Data 19/04/2022 12:08

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 32478,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **"o funcionamento do plan de transporte público por estrada",** (publicada no BOPG número 298 do 25 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"O traballo desenvolvido pola Xunta nos últimos anos para renovar e modernizar todas as concesións de transporte interurbano permitiu dotando os galegos dun transporte público por estrada eficaz, competitivo e mellor adaptado ás súas necesidades. No seu conxunto, o Plan de Transporte Público de Galicia supuxo activar 127 contratos que configuran hoxe a rede autonómica de transporte; renovar 3.436 liñas de autobús; habilitar 53.000 paradas; ofrecer ao ano máis de 2,3 millóns de horarios e percorrer máis de 57 millóns de quilómetros, movendo, de media, preto de 3 millóns de viaxeiros ao mes. O proceso de modernización levado a cabo significou a mellora e extensión dos servizos; unha modernización tecnolóxica e tamén rebaixa de prezos. O Plan de Transporte Público está en constante mellora e ampliación para adecuarse ás necesidades de mobilidade cambiantes dos usuarios, como así o demostran os continuos axustes que se están a realizar".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123430
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/04/2022 12:08:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 12:08:45
Nº Rexistro: 33865
Data envio: 19/04/2022 12:08:45.801

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2022 12:08:40

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:46:43
Nº Rexistro: 33840
Data envio: 19/04/2022 09:46:43.152
Data 19/04/2022 09:46

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 32484,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da ampliación do polígono industrial de Bértoa, en Carballo",** (publicada no BOPG número 298 do 25 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O contrato para a redacción do proxecto de interese autonómico para ampliación do parque empresarial de Bértoa, en Carballo, foi publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) por importe de 78.650 euros. A previsión é que sexa adxudicado este mes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123432
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/04/2022 09:46:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:46:43
Nº Rexistro: 33840
Data envio: 19/04/2022 09:46:43.152

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2022 9:46:39

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:46:35
Nº Rexistro: 33839
Data envio: 19/04/2022 09:46:35.246
Data 19/04/2022 09:46

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 32667,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta respecto das causas, depuración de responsabilidades e recuperación inmediata da estrada LU-651 no concello de Folgoso do Caurel",** (publicada no BOPG número 301 do 31 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 32666, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 12 de abril de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas explicou que a Xunta ten previsto iniciar o vindeiro mes de maio as obras de execución dun acceso provisional a Folgoso do Courel coa fin de restituír o tráfico na estrada LU-651 no verán. O director da Axencia Galega de Infraestruturas tamén sinalou que o novo acceso, que se desenvolverá nas proximidades do treito afundido, terá unha lonxitude duns 740 metros, un orzamento de máis de 770.000 euros e posibilitará garantir a mobilidade na contorna, tamén para vehículos pesados, sendo a alternativa máis eficiente a curto prazo.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmQ5YmRjOWEtMmM1Ni00ZjlmLWI5M2YtZDI0NmMwOGJhYjA4&start=6392

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

123434
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/04/2022 09:46:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:46:35
Nº Rexistro: 33839
Data envio: 19/04/2022 09:46:35.246

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmQ5YmRjOWEtMmM1Ni00ZjlmLWI5M2YtZDI0NmMwOGJhYjA4&start=6989 ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2022 09:46:35
Nº Rexistro: 33839
Data envio: 19/04/2022 09:46:35.246

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/04/2022 9:46:31

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-eG1Lsal1T-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/